

PROCEDEMENTO: CT404F –Axudas para ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas non urbanas Territorio Cultura

ASUNTO: Resolución de inadmisión de solicitudes

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. En data 18 de novembro de 2022, DOG núm. 220, publicouse a Resolución do 3 de novembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións para ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas non urbanas Territorio Cultura, ao abeiro dos fondos NextGenerationEU e do Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) 2021/241, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento CT404F).

2. Rematado o prazo de presentación das solicitudes o día 19 de novembro de 2022, procédese ao estudo das solicitudes xunto coa documentación complementaria presentada e se realizan os pertinentes requirimentos.

3. Como resultado da xestión de comprobación en data 16 de xaneiro de 2023 o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) propón a inadmisión a trámite das resolucións que se relacionan no anexo I por non reunir os requisitos para poder ser beneficiarias da axuda pola causa que se indica.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

I. No artigo 15 das bases reguladoras establécese que a dirección de Agadic, directamente ou a través dos seus servizos administrativos, actuará como órgano instrutor do procedemento, nos termos previstos no artigo 21 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e correspóndelle realizar, de oficio, cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales de debe pronunciar a resolución, así como formular a proposta de resolución, debidamente motivada.

II. O artigo 18.3 recolle que o presidente do Consello Reitor da Agadic, ditará resolución expresa, no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución.

III. O artigo 3 das bases reguladoras, establece dúas categorías de posibles entidades beneficiarias, sinalando os seguintes requisitos para cada unha delas:

a) Categoría 1. As persoas físicas (autónomas) e persoas xurídicas privadas, legalmente constituídas:

- Ter social ou estatutariamente como obxecto social a creación, organización, xestión, distribución de espectáculos en calquera das disciplinas de ámbito cultural, a investigación cultural, a consultoría cultural ou calquera ámbito relacionado co ecosistema cultural, no suposto de persoas xurídicas.
- Para o caso das persoas físicas (autónomas), estar de alta no réxime especial de traballadores autónomos en calquera das epígrafes relacionadas co ámbito cultural.



b) Categoría 2. Concellos e o sector público institucional deles dependente, segundo o artigo 82.2 da Lei 7/1985, de calquera Administración (organismos públicos, entidades de dereito público ou privado):

- Ter un máximo de 30.000 habitantes e unha densidade de poboación igual ou menor a 100 habitantes/km², segundo os últimos datos oficiais (INE/IGE).
- O concello deberá ter cumprido o deber de remisión ao Consello de Contas de Galicia das últimas contas xerais do orzamento 2021.

IV. O artigo 5 sinala, respecto dos proxectos subvencionables:

1. Os proxectos e actividades culturais que pretendan ser subvencionados ao abeiro desta convocatoria deberán realizarse ou desenvolverse no medio rural. Para os efectos desta convocatoria, entenderase por medio rural os concellos de menos de 30.000 habitantes e cunha densidade igual ou menor a 100 habitantes/km². Se o proxecto ten carácter supramunicipal, todos os concellos en que se desenvolve o proxecto deberán cumprir este requisito.
2. Os proxectos e actividades culturais que presenten as persoas solicitantes deberán ter un orzamento total, igual ou superior a 50.000,00 euros (incluído o IVE).

V. O artigo 124 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladoras das Bases de Réxime Local sinala que *“o alcalde ostenta a máxima representación do municipio”* e no exercicio das súas funcións está a de representar ao concello.

Vi. Artigo 85.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladoras das Bases de Réxime Local, dispón: *“Os servizos públicos de competencia local haberán de xestionarse da forma máis sustentable e eficiente de entre as enumeradas a continuación:*

A) Xestión directa:

a) Xestión pola propia Entidade Local.

b) Organismo autónomo local.

c) Entidade pública empresarial local.

d) Sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública.”

Vii. O artigo 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia recolle: *“Gozan da condición de entidades locais non territoriais as mancomunidades de municipios, os consorcios locais e as entidades locais menores”*.

Por todo o que antecede

Por todo o que antecede RESOLVO:

Inadmitir as solicitudes que se relacionan no anexo I

A presente resolución de concesión de subvencións pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e



contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas).

Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

Notifíquese a presente resolución aos interesados, de conformidade co establecido na Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O Presidente do Consello Reitor da Agadic
Román Rodríguez González



ANEXO I

RELACIÓN DE EXPEDIENTES INADMITIDOS

CATEGORÍA 1

Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	PROXECTO	CAUSAS DE INADMISIÓN
CT404F 2023.C1.08	MARIA LUISA MOSQUERA SASTRE	***0084**	PIGMENTOS NATURALES EN LAS TIERRAS DEL MANDEO	Artigo 5.1 e 5.2 das bases reguladoras
CT404F 2023.C1.09	MANUEL ANGEL PEREZ DEAÑO	***6130**	FESTIVAL RIBEIRAS DO MIÑO PESQUEIRAS	Artigo 5.2 das bases reguladoras
CT404F 2023.C1.10	ASOC. DESAR .RURAL DA COMARCA DE LUGO	G27481662	DIVERSIFICACION CULTURAL NO TERRITORIO DA COMARCA DE LUGO	Artigo 5.2 das bases reguladoras
CT404F 2023.C1.13	ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SL	B27786045	CONCIERTOS MATINALES EN PORTAS	Artigo 5.1 das bases reguladoras
CT404F 2023.C1.31	FRANCISCO AGUSTIN SIEIRA GONZALEZ	***8011**	PITANXO	Artigo 5.1 das bases reguladoras
CT404F 2023.C1.50	AXENCIA TDK	***6130**	FESTIVAL CLASICO DE ORTEGAL	Artigo 5.2 das bases reguladoras
CT404F 2023.C1.53	FUNDACION EDUARDO PONDAL	G70262951	SEMENTE FESTILETRAS	Artigo 5.2 das bases reguladoras
CT404F 2023.C1.58	FERNANDO FRANJO FRANJO	***5504**	CADEIRAS RURAIS, TRAMA DE ASENTOS PARA O PATRIMONIO INMATERIAL	Artigo 5.1 das bases reguladoras
CT404F 2023.C1.78	MARIA INES JIMENEZ PEDRAS	***0436**	PEDRAS CONSTELLATION- CÚPULA	Artigo 5.1 das bases reguladoras
CT404F 2023.C1.80	ASOC CULTURAL TEATRO DO AR A.C.T.A.	G36927739	FESTIVAL DO TEATRO DO INVISIBLE	Artigo 5.1 das bases reguladoras
CT404F 2023.C1.88	FRANCISCO JOSÉ PÉREZ PIÑÓN	***1522**	--	Artigo 124 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladoras das Bases de Réxime Local Falta de lexitimación



CATEGORÍA 2

Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	PROXECTO	CAUSAS DE INADMISIÓN
CT404F 2023.C2.03	CONCELLO DO ROSAL	P3604800G	PROGRAMACION CULTURAL NOS BARRIO	Artigo 5.1 das bases reguladoras
CT404F 2023.C2.06	CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS	P3207600B	SAN CIBRA-OH	Artigo 5.1 das bases reguladoras
CT404F 2023.C2.28	MANCOMUNIDADE VOLUNTARIA DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE ORDES	P1500003G	GUSTAV EN ORDES	Artigo 3 das bases reguladoras en relación co artigo 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia

